

Teño un sentimento un pouco estraño por ter que falar aquí, neste antigo cárcere, que hoxe é un lugar ben rehabilitado, pero de triste memoria. Unha destas celas ocupouna en 1946 un tío meu, tamén padriño, pero non foi como di o romance *ni por robos que haiga hecho ni muertes que haya causado*, senón por pensar diferente. Aquí pasou calamidades durante meses. Outro tío meu tamén estivo aquí por uns días nas mesmas datas.

Pero imos ó que interesa. Prémianse nesta Gala dous amigos meus; un deles era case veciño sen eu sabelo ata hai pouco, Pablo Quintana (os dous compartimos o dialecto de *xamois* e *toucín*); a outra é unha coñecida de vello aínda que vén de máis lonxe, Dorothé Schubarth (tamén coñecida polo nome romanceado de Dorotea ou Dora). Correspóndeme a min falar desta; a Pablo vaille face-la *laudatio* Xosé Luís Freire; pero quero deixar, de paso, constancia da admiración que teño por este arraiano que tanto saber e esforzo e, seguramente, patrimonio persoal, dedicou a salvagardar a nosa cultura popular de aló e de acó da raia.

Non vou falar, nin podo, porque non son do gremio dos músicos, da Dorothé académica. Se buscades en internet aparece no currículo de varios intérpretes que estudaron con ela Composición ou Contrapunto na Musik-Akademie de Basilea, onde foi profesora na última etapa da súa vida antes de ser xubilada. Como autora de libros musicais (que non sexan o *Cancioneiro galego*) figuran o que se menciona no anuncio desta sesión, *Das Volkslied in Europa. Vielfalt seiner Erscheinungsformen* [*O Canto Popular en Europa. Diversidade das súas formas*] (Lucerna, 1978), que nos di do seu interese pola música popular europea en xeral; ou outro, *Licht - Raum - Klang: die Sprache der Kunst im Hoch- und Spätmittelalter* [*Luz - espazo - son: a linguaxe da arte na alta e baixa Idade Media*] (Basel: Musik-Adademie der Stadt Basel, 2001).

Tamén aparece nalgunhas páxinas de internet algunha vez noticia dalgún concerto con «Música de DS»; o cal quere dicir que ademais de teoría tamén practica a composición. Deixo, logo, baleira a *laudatio* deste aspecto da vida de Dorothé e vou centrarme no que se refire á débeda que, como galegos, temos con ela.

Apareceu por aquí haberá agora 40 anos. O seu primeiro contacto con nós foi nun curso de galego. Daquela estabamos na pre-Autonomía; pero o galego xa entrara na escola e para formar mestres organizáronse por toda Galicia cursos de galego nos meses de xullo; eu mesmo fun profesor daqueles cursos; está aquí presente Paco Martín, que pertence á primeira promoción de mestres reciclados. No curso de 1978 presentouse Dorothé no que se celebraba na Facultade de Filoloxía e pediu autorización para asistir como oínte. Se non lembro mal viña do Courel (antes andara por outras partes de España, creo que pola Serra de Gata); chapurreaba algo de castelán pero tiña dificultade en entender as letras das coplas e dos romances que

gravara por aquí na serra luguesa. Naquelas clases de galego ás veces entregaba os exercicios en branco; pero creo que aquelas clases lle viñeron ben.

Se cadra foi naquel mesmo mes de xullo, e se non foi no mes de setembro, cando comezou a vir polo meu despacho co seu magnetófono e con borradores de transcricións de músicas e de letras. Escoitabámolos e eu corruxía das letras o que me parecía.

Aquilo empezou a aumentar e chegou un momento en que me pareceu que aquela muller estaba empezando a ver a posibilidade de levar a súa experiencia do Courel a toda Galicia e que o seu traballo podía acabar cristalizando nun Cancioneiro xeral galego. É verdade que había xa cancioneros galegos. Daquela estaban publicados o de Casto Sampedro (1942, edición de Filgueira) e o de Bal-Torner (1973, tamén recuperado polas xestións de Filgueira), dúas pezas esenciais, por mencionar só dous que tiñan pretensión de ser xerais. E había algún outro. A min pareceume que era un momento excelente para acometer esa recolleita; Galicia inda era daquela aínda eminentemente rural, pero xa se lle vía que lle quedaba pouco folgo a aquela sociedade agraria; podemos (a posteriori) ver ben o que pasou se tomamos como exemplo a cultura material; en 1978 aínda había carros, xugos, muíños ou forxas; moi pouquiños anos despois aquelas construcións ou artefactos pasaron a ser pezas arqueolóxicas ou oficios desaparecidos; Xaquín Lorenzo aínda puido no ano 1962 facer un libro ben coñecido sobre palabras e cousas, que hoxe sería impensable. O mesmo podemos dicir da vertente espiritual do que é obxecto o libro do mesmo ano de V. Risco, tamén ben coñecido. No referente á música e a literatura popular á altura de 1980, había aínda moitos informantes que se criaran no seo dunha sociedade tradicional, pero xa se vía que a cadea de transmisión estaba rota. Se se había de facer algo era urxente facelo e Dorotea era a persoa ideal para o levar adiante. Animeina (e seguramente non fun eu só) e, por fortuna, fíxonos caso. Pola súa parte estaba motivada e foi fácil de convencer. Vistas as cousas desde hoxe, 40 anos despois, vemos que en Galicia se segue cantando; se cadra nunca tanto se cantou e tocou como se canta e toca hoxe; non debe de haber concello que non teña o seu grupo de pandeireteiras ou de gaiteiros; non hai vila que non teña a súa "tradescola" ou como se chame no sitio; pero xa non é a música espontánea de antes, a que xurdía mentres se executaba unha faena, mentres repartía a regueifa ou mentres se participaba nun serán; a música tiña, por dicilo dalgunha maneira, unha *función*; agora predomina o que podemos chamar a *actuación*.

Habendo a persoa e a motivación, o paso seguinte foi buscar unha institución ou un mecenas disposto a financiar unha investigación deste tipo. Fixo un proxecto con deseño de obxectivos e calendario e presentouno á Fundación Barrié (daquela non había aínda institucións autonómicas). Foi desestimado, como se di en termos xurídicos, en primeira instancia; un musicólogo que daquela era conselleiro da Fundación fixo un informe desfavorable porque discrepaba do seu sistema de

transcripción. Volveuse intentar unha segunda vez, agora con cuña de Filgueira, que era persoa de moito peso no comité de expertos que daquela tiña a Fundación, e desta vez foi aceptada a petición. Concedéuselle á solicitante unha bolsa de 20.000 pesetas mensuais para o tempo que durase a investigación. Parece moito diñeiro, pero aínda que estabamos en 1980, era unha cantidade modesta que non sabemos como se podía administrar para pagar un apartamentíño (primeiro no barrio de Sar e despois na Virxe da Cerca) e ademais os outros gastos diarios ou extraordinarios; é verdade que é unha muller moi espartana, gasta moi pouco en comer e en vestir, pero malíciome que en máis dunha ocasión tería que acudir á familia para tapar algún burato financeiro.

E nese momento comezou o programa en serio, que duraría dez anos. Durante todo este período repartiu o tempo entre traballo de campo e traballo de gabinete. É verdade que houbo xente que lle proporcionou material, como foi o caso meu, que tiven a Florencio unha semana no Nadal de 1979 na miña casa da Fonsagrada, onde gravei todo (ou case todo) o repertorio que tiña este célebre cego (dos Vilares ou da Fontaneira). Pero a inmensa maioría do material foi recollido en persoa por Dorothé. Nalgúns dos volumes do *Cancioneiro* inclúense mapas (debuxados polo meu irmán Roque) onde se sinalan os puntos explorados. Para que se perciba a idea da magnitude da obra (ó mellor me trabuco nunha unidade de máis ou de menos) teñan en conta que hai representados 88 concellos, 190 parroquias, 239 lugares, e rexistros de 599 informantes. Está toda Galicia representada e as zonas galegófonas exteriores de Asturias, León e Zamora (por certo, hai un informante do lugar de El Curtín, de Vilanova de Oscos, de cerca de onde é Pablo, o outro homenaxeado). Se se inspeccionan os mapas que acabo de mencionar pódese comprobar que hai bastantes zonas baleiras (Galicia ten unhas 3000 parroquias e arredor de 40000 aldeas), e se cadra había bos informantes en moitas delas; pero en conxunto a rede de puntos explorados é bastante densa e cremos que suficientemente representativa como para poder facerse unha idea dos diferentes dialectos musicais (supoñendo que a música popular teña dialectos) que hai en Galicia. Para o *Atlas Lingüístico de Galicia* escollemos 167 puntos (bastantes menos que para o *Cancioneiro*) e temos unha boa idea de como son as falas do país.

Desde Santiago emprendía as súas excursións de recollida; ás veces botaba 15 días fóra. A maior parte das veces ía en coches de liña en viaxes que podían durar un día, como podía ser o que levaba de Santiago ós Ancares. Sería bo que ela mesma nos contase como foi a súa experiencia cos informantes. Eu creo que lle abriu a porta de moitas casas o feito de ser muller e tamén de ser estranxeira. A xente da aldea adoita recibir con reservas as persoas alleas á comunidade, pero nunca lle sentín queixarse de que a escorrentase ninguén descortesmente, ou se ocorreu así foi en ocasións moi puntuais. Ó contrario. Moitos dos seus informantes (quizais habería que dicir moitas, porque predominan as mulleres) acabaron sendo anfitriñas gratuítas dela, e a súa relación acabou sendo dunha amizade moi duradeira; agora xa van desaparecidos moitos dos seus informantes, pero durante moito tempo, en cada unha das visitas

anuais que nos fai, nunca deixa de visitar esta xente xenerosa que lle dera cantigas e moitas veces tamén pousada e xantar. Mañá mesmo vai visitar a Chelo (de Pol), unha das informantes que aínda vive. As entrevistas tiñan lugar nos sitios máis variados: en cociñas, en tabernas ou en campo aberto. Non é estraño que, nunha gravación, detrás da voz dunha muller que canta se sintan os cinzarros das vacas que está alindando; ou que noutra se sintan os ruídos propios dunha cociña económica mentres se tiza ó lume o se derreten os roxóns.

A estas campañas ó aire libre sucedíanas varios días de traballo de gabinete, onde, pacientemente, con metrónomo á beira, pasaba a papel pautado as melodías que oía e a folios manuscritos ou mecanografados unha primeira tentativa de transcripción de letras. Neste traballo de transcribir letras tivo axudas varias doutras persoas, incluído eu mesmo. Aínda que son falante nativo, teño que confesar que non sempre fun capaz de interpretar o que dicía un informante e de feito quedaron algunhas lagoas a pesar de que lle demos ó botón de *backward* e *forward* dúcias de veces. E ás veces o sitio onde estabamos atrancados non tiña moito misterio (por iso me quedou gravado na memoria), como o dun caso que nos levou moitas tentativas, o verso 4 da seguinte cuarteta: *Nuestra Señora do Faro / a do Monte Il'asudoue / ela ben vío pasare / os papeiriños p'Aroue.*

Despois de recadado o material tivo que organizalo, cousa que non lle foi doada porque hai material moi heteroxéneo e difícil de clasificar; optou por un criterio combinado entre a función para a que se usa un determinado canto e a forma literaria; separando por un lado o que son cantos narrativos e por outro as coplas. Desta maneira foron entrando en imprenta os diferentes volumes, cunha parte musical preparada por un pendolista que debuxou (daquela non había os programas *Finale* nin *Sibelius*, nin sequera ordenadores) as 1802 partituras; e cunha parte das letras que se fixo na imprenta da *Voz de Galicia*; viron a luz entre os anos 1984-1995, os dous últimos volumes saíron do prelo cando xa ela estaba de volta en Basilea. Os volumes son:

- I. *Oficios e labores* (xastres, zapateiros... o liño, a sega, etc.).
- II. *Festas anuais* (Nadal, ánimas, santos diversos, maios, etc).
- III. *Romances vellos* (*Gerineldos, Gallardas, Santa Elena, Blancaniña...*).
- IV. *Romances novos, cantos narrativos, sucesos locais, sucesos en xeral, coplas locais* (para entendérmonos, neste tomo van cantos como o da *Rofina*, do *C. Moreno*, o burro de *Manuel do Campo, Xan Guindán*, etc.).
- V. *Cantos dialogados* (como as regueifas e parrafeos).
- VI. *Coplas*, das que hai unha variedade moi grande desde o punto de vista dos motivos. Como é ben sabido, as melodías casan coas coplas dunha maneira totalmente arbitraria; case non hai unha copla que non poida ter diferentes melodías ou melodía que non valla para diferentes letras; son de letra e melodía fixas unicamente algunhas de dubidosa autoría anónima,

como pode ser a *Rianxeira* ou o *Gato metido nun saco*, que non entraron neste cancionero aínda que sexan populares.

- VII. *Índices varios* (táboas sinópticas [de modelos de melodías], incipits das letras, localidades, informantes).

Os sete volumes en realidade son 10 tomos porque o I, o II e o VI son dobres; os que o teñan inspeccionado saben ben o feixe que fan, refírome ó peso, e non é pra menos porque son 2.940 páxinas, tamaño folio.

O destinatario deste *Cancioneiro* é un público algo especializado; a Fundación Barrié xa o sabía cando se comprometeu a facer unha publicación tan cara; e seguro que perdeu moitos cartos na empresa. Con todo, o libro está esgotado. Por iso (por ser para especialistas e por ser caro), neste caso estimulada por min mesmo, acometeu a elaboración de tres escolmas ó abasto dun público máis amplo, feitas cun carácter máis divulgativo, dúas publicadas pola propia Fundación Barrié (1982, 1991) e outra na Biblioteca Popular de Galaxia (1983). Todo o que está nestas antoloxías está no cancionero xeral.

Non son eu a persoa máis indicada para valorar a importancia deste cancionero, entre outras razóns porque o meu nome figura ó lado do dela nas tapas deses libros. Vou referirme só a un aspecto obxectivo e a reproducir unha opinión allea. Adoitan citarse na historiografía dos cancioneros galegos dúas obras importantes, xa mencionadas: a de Casto Sampedro e Folgar e a de E. Martínez Torner & Jesús Bal e Gay. Do primeiro non se publicou nada en vida do autor; apareceu en 1942 (cinco anos despois de morto Sampedro) o *Cancionero musical de Galicia* baseado no arquivo que tiña este erudito redondelán; como é sabido ese cancionero do 42 non é completo; Xabier Groba sacou en 2012 máis melodías do arquivo de Sampedro. Dos segundos (Torner/Bal) é o *Cancionero gallego* de 1973. Nos dous casos está o país enteiro representado. Pero o cancionero de Sampedro fíxose a semellanza da *Obra del cançoner* catalán, con recollas do propio Sampedro, pero tamén dun número moi grande de correspondentes, entre eles estaban Marcial Valladares, Ramón Arana, Xoán Montes, Said Armesto, Fernández Espinosa e moitos outros. O *Cancionero* de Torner/Bal, pola súa parte, ten moito material recollido polos dous musicólogos de fonte oral entre 1928-1934, pero incorpora tamén (segundo un seguimento feito por Manolo Rico próximo a publicarse) un 40% de melodías e textos procedentes doutros cancioneros ou de arquivos de coro. O cancionero de Schubarth, en cambio, á parte da cantidade, é obra baseada só en traballo de campo e na parte musical responsabilidade dunha soa persoa. Hai que deixar tamén constancia doutra diferenza: nos cancioneros de Sampedro e Torner/Bal recóllese música cantada e instrumental; no *CPGTO* recóllese unicamente música cantada. Non ten chotis nin rumbas nin mazurcas nin *fox-trots* nin *bayóns* (que é lexítimo que se recollan pero que son tradicionais segundo o que entendamos por tradicional).

A valoración da obra déixolla a Xavier Groba González, que no seu libro sobre *Castro Sampedro e a música do cantigueiro galego de tradición oral* (2012) fai un repaso ó que chama *status quaestionis* e di: «[son 1802 melodías que foron] *transcritas e metodoloxicamente estudadas desde a dobre óptica da etnomusicoloxía e os estudos de literatura popular e que, no académico, resituaron estas disciplinas na elite do coñecemento cultural de Galicia*». Vou transcribir tamén as palabras que inseriu no prólogo do vol. I o Padre Calo, competente musicólogo, o que manifestara antes reticencias sobre a metodoloxía da autora; agora se cadra con algo de retórica publicitaria, di que se trata de «*la máxima aportación jamás intentada hacia la conservación y conocimiento del folklore musical de Galicia*». Temos que dicir que o de "jamás" (dito en 1984) aínda segue a ter valor porque non houbo despois investigacións de pretensións semellantes. Poderíamos achegar máis opinións; creo que todas son dese teor.

Antes dixen que a chegada de Dorothé en 1978 fora moi oportuna. Vou rematar incidindo no mesmo e aumentar aínda un pouco o meu entusiasmo e elevar o de "oportuno" a "providencial". Porque daquela había aínda en Galicia centenaes de informantes e non tiñamos ningún musicólogo que lle prestase atención á tradición oral; ó revés do que sucede hoxe, que temos un grupo de excelentes musicólogos interesados pola música tradicional pero xa non quedan informantes; o investigador depende máis do que pode atopar nos arquivos sonoros que do que poida encontrar en campañas de campo.

Se cadra isto é o que explica que a medida que pasa o tempo vaia adquirindo maior consideración a obra de Dorothé. Porque se ben hoxe hai moita xente que se refire ó *Cancioneiro* como a biblia da música popular galega, o certo é que cando apareceu a súa recepción foi moi escasa; descoñezo que se fixese dela recensión ningunha en revistas especializadas ou culturais de Galicia ou da Península Ibérica; a única que coñezo é a de Fernández Rei no número 31 da *Trabe de ouro* en 1997 (teño que recoñecer que é amigo e se cadra non é imparcial); tampouco coñezo recensións de fóra da Península, aínda que van textos explicativos en alemán.

Tampouco foi Dorothé obxecto de recoñecementos oficiais, grandes ou pequenos; nunca tivo o Premio Galicia nin unha simple Medalla Castelao; aínda que á vista do que acontece con esta medalla o mérito é quizais que non cha dean.

Sei que a ela non lle resultan gratos os recoñecementos cando van acompañados de cerimonia, pero cónstame que neste caso está contenta de que a AELG a faga obxecto desta distinción que lle outorgardes, aínda que a entrega comporte tamén un certo rito.

Pola miña parte remato con parabéns para ela e para Pablo; e grazas á Asociación por este recoñecemento oportuno, e en vida, a dúas persoas que o merecen de sobra.

Dixen.